




FERVENZA DE PORTOCIÑOS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: desde Portociños: 1,3 km
desde a presa de Vilagudín: 2,1 km

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta na parroquia de Gorgullos (concello de Tordoia) para visitar o río Viladabade, da Férveda ou Bustelo, afluente do Lengüelle, que á súa vez vai ao Tambre. A ferverza salva un desnivel de 10 m en tres saltos entre grandes penedos de granito. Nos arredores hai varios muíños e augas arriba a acea de Estevo que aínda funciona.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontepedra a Gorgullos e Ordes. Ao entrar en Portociños cóllese un cruce á esquerda que indica Férveda e a 1 km chégase a unha ponte onde remata a estrada e desde a que se ve a ferverza. Tamén se pode ir desde a presa de Vilagudín.

